

Adaptación da programación anual do departamento

A) Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

As aprendizaxes imprescindibles da primeira e a segunda avaliación están recollidas na programación anual do departamento, publicada na páxina web do IES.

B) Avaliación e cualificación.

1. O alumnado que teña superadas as dúas primeiras avaliacións terá a materia aprobada. Non obstante, deberá seguir facendo aquelas tarefas que o profesor ou profesora correspondente lle encomende ata o final do curso se quere subir a súa cualificación final. Esta subida poderá ser, como máximo, de dous puntos.
2. O alumnado que teña suspensa algunha das dúas avaliacións anteriores poderá recuperalas realizando as tarefas que se lle indiquen. Aqueles e aquelas que recuperen as avaliacións suspensas terán a cualificación de aprobado.

*En resumo: a **nota final** para o alumnado que xa aprobou as dúas primeiras avaliacións, será a media das mesmas. Tamén se poderán ter en conta o traballo realizado a partir do 13 de marzo, sempre que sexa para subir esa media un máximo de dous puntos. O alumnado que teña algunha avaliación suspensa poderá aprobar a materia.*

3. **Alumnado coa materia pendente.** Tal e como se recolle na Programación Anual do Departamento, o alumnado que supere a materia no curso actual, terá tamén aprobada a materia pendente. De tódolos xeitos, poderán facer as tarefas específicas elaboradas polo departamento e proporcionadas ao alumnado a través da web do centro, a aula virtual ou o correo electrónico, para así poder aprobar a materia.
Ademáis das tarefas específicas elaboradas e proporcionadas ao alumnado coa materia pendente, se a situación sanitaria o permite, os alumnos poderán ter probas escritas presenciais e/ou telemáticas.

C) Metodoloxía e actividades do terceiro trimestre. As tarefas propostas por este departamento para este terceiro trimestre poderán ser: traballos escritos, cuestionarios telemáticos, presentacións online, vídeos, pequenas prácticas ou proxectos tecnolóxicos, actividades online, probas telemáticas e/ou, no caso de que a situación sanitaria o permita, probas escritas presenciais. Todas estas tarefas serán sobre contidos impartidos na primeira e na segunda avaliación ou, sempre que favoreza o progreso na aprendizaxe e no desenvolvemento de competencias clave, poderanse incluír contidos novos de ampliación.